



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CEE

*Delegación especial da competencia para recibir o consentimento de matrimonio civil*

#### RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DELEGACIÓN ESPECIAL DA COMPETENCIA PARA RECIBIR O CONSENTIMENTO DE MATRIMONIO CIVIL

**EXPEDIENTE DECRETO:** 2026/G003/000945

#### ANTECEDENTES:

**EXPEDIENTE N°:** 2026/R001/000008

Con data 25/05/2026 e n° 202600000001209 de rexistro de entrada, (...), co DNI 48\*\*\*35\*L, presentou un escrito neste concello, no que expón que desexa contraer matrimonio civil con (...), o sábado, día 19 de setembro de 2026, ás 12:00 horas, no Concello de Cee, e solicita que o acto do consentimento matrimonial sexa recibido pola concelleira municipal María Pilar Iglesias Lema.

O día 26/05/2026 e n° 202600000001234 de rexistro de entrada recibíuse do Rexistro Civil de Cee o testemuño do auto autorizando o matrimonio civil con expediente n° 20260515/020641 a celebrar no Concello de Cee entre os contraíntes referidos, ditado polo encargado da Oficina colaboradora de Rexistro Civil de Cee o día 25/05/2026.

Segundo o establecido no artigo 51.1 do Código Civil, as competencias de autorización do matrimonio civil cando este é realizado no concello corresponden ao/á alcalde/sa deste ou ao concelleiro/a no que delegue.

Considerando o disposto nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Réxime Local de Galicia.

De acordo co sinalado no artigo 43 do RD 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), que dispón que a alcaldía pode efectuar unha delegación especial en favor de calquera dos concelleiros e concelleiras da Corporación referente a un asunto determinado.

#### RESOLVO:

1°. Outorgar á concelleira municipal María Pilar Iglesias Lema a delegación especial desta alcaldía da competencia para que reciba o consentimento do matrimonio civil de (...), o cal terá lugar o sábado, día 19 de setembro de 2026, ás 12:00 horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello.

2°. A presente resolución terá efectos dende o momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no BOP e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

3°. Nas resolucións que se adopten e nos documentos que se asinen no exercicio das delegacións conferidas por esta alcaldía, farase constar expresamente esta circunstancia e o número e a data desta resolución.

4°. Notificarlle a presente resolución de delegación á concelleira delegada, que se considerará tácitamente aceptada, agás manifestación expresa en contra.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, 10 de setembro de 2026.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

2026/5958